



REGULAMENTO CTO. GALEGO DE TRIAL 2018

A Federación Galega de Motociclismo convoca o Campionato Galego de Trial nas categorías TR1, TR2, TR3, e Trofeos TR4, TR5 e Fémias, que puntuarán por separado, de acordo co seguinte regulamento:

1. REGULAMENTOS. Os regulamentos particulares de tódalas competicións que puntúan para este campionato deberán ser enviados á F.G.M., como mínimo, cun mes de antelación á súa data de realización para a súa aprobación, xunto coa autorización da Comunidade de Montes ou Concello do lugar onde discorra a competición, e dun plano ou esbozo do percorrido coa indicación da localización das zonas.

Toda aquela competición da cal non se reciba o seu regulamento neste prazo, poderá considerarse suspendida e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

2. INSCRICIÓNS. As inscricións e o pago dos dereitos correspondentes deberán efectuarse a través da zona privada de federado na web da FGM (www.fgmoto.org).

1. En prazo: ata as 23:59 horas do Domingo anterior (ou 7 días cando non son en fin de semana).

2. Fora de prazo: ata as 12:00 horas do venres (ou último día laborable) anterior ao día da proba. Estas inscricións terán un recargo. No propio día da proba nas verificacións (dereitos dobres).

No caso de non poder asistir a unha competición deberá ser comunicado na FGM ata o venres ás 13.00 h. anterior ao día da celebración da competición. Para ter dereito a devolución dos dereitos, deberá facerse vía correo electrónico a inscricions@fgmoto.org.

Poderán participar en calidade de *PILOTO CONVIDADO, pilotos con licenza ÚNICA doutras comunidades autónomas, con dereito a podio e trofeo pero sen optar a puntos nin a figurar na clasificación do Campionato Galego. Deberán inscribirse na web da FGM coas mesmas condicións de prezos e prazos.

DEREITOS INSCRICIÓN	PRAZO	FORA P.		PRAZO	FORA P.
TR1	25 €	33 €	TR5	25 €	33 €
TR2	25 €	33 €	XUVENIL	20 €	25 €
TR3	25 €	33 €	ALEVIN	20 €	25 €
TR4	25 €	33 €	INICIACIÓN	20 €	25 €